



# PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA TRADICIÓN ORAL NA CONTORNA DE VILADONGA (5). CONCELLO DE CASTRO DE REI

Ana María Rubiero da Pena

Neste novo traballo de recuperación da memoria colectiva da contorna do castro de Viladonga presentamos catro das últimas enquisas que fixemos, todas no concello de Castro de Rei salvo unha visita feita a un matrimonio do concello de Cospeito e que introducimos aquí en recordo de Irene e Manuel, os nosos informantes, falecidos no ano 2017.

Nelas aparecen varios lugares que é necesario non ver illadamente senón como un todo que nos axude a ter un coñecemento máis amplo do pasado desta zona xeográfica e, como non, do pasado do castro de Viladonga e do por que do seu emprazamento.

Un conxunto de coñecementos e crenzas que nos descubren e/ou redescubren a nosa riqueza cultural, en especial patrimonial, e que son de grande utilidade para ver e entender a continuidade histórica deste territorio.

Enquisa 1: Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga. 31 de outubro de 2015.

## **JULIO PITA. Santa Locaia (Castro de Rei).**



Foto 1: Julio Pita. Santa Locaia. Castro de Rei.

Julio Pita é natural de Santa Locaia, no concello de Castro de Rei. No ano 2015 falamos con el da contorna de Viladonga, de lugares cunha gran riqueza patrimonial que en moitos casos está desaparecida pero non esquecida da memoria colectiva do pobo. Julio refírese, entre outras, ás parroquias de Bazar, Santa Locaia e, como non, a Viladonga coa que ten unha vinculación especial por nacer a súa nai aquí.

## Bazar. O Mourón




Foto 2. Información Xeográfica de Galicia. (s.f.). En [mapas.xunta.gal/serie-250](http://mapas.xunta.gal/serie-250). Recuperado o 10 de xaneiro de 2018.

San Pedro de Bazar é unha parroquia do concello de Castro de Rei. No Catálogo de Xacementos Arqueolóxicos elaborado no ano 2012 descríbese o topónimo do Mourón, no lugar de Granda, na parroquia de San Pedro de Bazar, como un pequeno outeiro entre dúas elevacións situado na marxe dereita do río Miño<sup>1</sup> e na catalogación de 1998 descríbese como un lugar onde se recollían lendas relacionadas con mouros e tesouros.

A pesar de non ter relacionado xusto este enclave con ningún xacemento arqueolóxico, si que é certo que cerca del se atopa o Castro de Penelas ou Bazar e a explotación mineira da Granda (San Pedro de Bazar). O nomeado catálogo di que esta se trata dunha explotación a ceo aberto dun xacemento aurífero romano, preto do río Azúmara.

“Recordo que hai un veciño de Bazar que me dixo, hai un monte que lle chaman O Mourón, e bueno polo que dicen eso debe de vir dos mouros, e dicen que alí cando estiveran os mouros, que botaron pouco tempo... e que había unha historia que decía que cando marcharon de aí, que marcharon a correr e que envolveran tódolos tesouros que tiñan nun pelexo dunha ovella e que eso o iban destapar cando foran

<sup>1</sup> Plan Xeral de Ordenación Municipal de Castro de Rei. Catálogo Arqueolóxico. 2012.

por alí as cabras... e que iba ser descuberto polas cabras”; e en Bazar, “no barrio das Penelas... que alí houbo un castro cerquiña, pegado a onde está o Monte do Mourón”.

## Castro de O Forte ou castro de Azúmara



Foto 3. Castro de Azúmara ou de “O Forte” (San Xoán de A Azúmara). Información Xeográfica de Galicia. (s.f.). En [mapas.xunta.gal/serie-250](http://mapas.xunta.gal/serie-250). Mapa de fondo: voo Americano 1956-1957. Recuperado o 11 de xaneiro de 2018.

O castro de Azúmara ou Os Carrís, como aparece denominado no catálogo arqueolóxico do concello de Castro de Rei do ano 2012<sup>2</sup>, é un asentamento circular situado a pouca distancia da explotación mineira romana da Granda, este castro cremos que é ao que se refire o noso informante ao falar do castro de O Forte, da súa cova e do pasadizo que vai del ao castelo de Castro de Rei.

De novo, os lugares subterráneos asociados a antigos poboadores son protagonistas na tradición oral; castros, covas e pasadizos teñen unha relación indivisible, espazos antigamente habitados e utilizados polos seus moradores.

“Aquí en Azúmara hai un castro, chámanlle O Forte... eu recordo que alí unha vez na zona que dá ao nacente, alí había como unha cueva, pero unha cueva grande e dicían que desde alí había un pasadizo hasta o castelo de Castro de Rei...”

<sup>2</sup> *Op.cit.*, 2012.

---

## Viladonga

A nai de Julio Pita, como xa dixemos, naceu en Viladonga, ela faláballe do castro, das súas augas subterráneas, das grades de ouro, dos mouros e doutros encantos como o do “culebrón”:

“Miña nai foi aquí de Viladonga [da Casa de Muinelo, cerca da igrexa] e ten contado, o que non sei é en que agra era, que tiñan escoitado, tiñan que ser augas subterráneas...” “.. debía ser abaixo... era cerca do castro pero non era arriba era abaixo...”

“.. unha vez encontraron, había unha señora en Silva, pero non sei se morrería, que era máis ou menos da idade de miña nai, algo máis xove, chamábanlle Alicia de Rodao, e ... encontraron como unha grade destas antigas que eran de madeira e tiñan os ferros pa gradar o terreno pero de ouro, e dixo estivemos xogando con ela e xogando con ela e perdímolos”

En canto ao relato do “culebrón”, e despois de repasar o traballo de Felipe Senén sobre a tradición oral en Viladonga<sup>3</sup> e na súa contorna, artigo do que temos que partir sempre e ao que xa fixemos referencia en varias ocasións, vemos que non recolle a dita historia que, como explican González Reboredo e Clara Saraiva, ao referirse ás crenzas e festas populares en Galicia, si adoita aparecer no imaxinario popular asociado con castros e antigos tesouros<sup>4</sup>, así como noutros lugares

---

3 LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Senén, (1979): “O folkore do castro de Viladonga i da súa bisbarra”, en *XV Congreso Nacional de Arqueología* (Lugo 1977), Zaragoza, pp. 623-630.

4 GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. / SARAIVA, Clara. (2006): “Crenzas e festas” en *Arte e cultura de Galicia e Norte de Portugal. Etnografía*, p. 156. “En ocasións as mouras transfórmanse en ferozes serpes ás que hai que desencantar para lograr os seus tesouros, establecéndose así unha asociación muller-serpe, moi estendida tamén no folclore europeo, e con raíces remotas nas culturas neolíticas do Mediterráneo. Mais a serpe como animal mítico pode presentar en Galicia tamén outro aspecto, pois coñecemos relatos, como un referido ao castro de Troña (Pontevedra), no que é descrita como un xigantesco dragón. Neste sentido hai que lembrar que no Codex Calixtinus, do s. XII, se nos di que os discípulos do Apóstolo Santiago tiveron que se enfrontar a unha xigantesca serpe-dragón, de características semellantes ás da narrativa de tradición oral, a cal moraba no Pico Sacro, preto de Santiago de Compostela”

fóra de Galicia, segundo Cuba, Miranda e Reigosa<sup>5</sup>, polo que debemos de sumalo ás lendas e encantos do castro.

“.. [o castro] era dos mouros e tiñan pánico porque crían que por aquí, eu que sei, había medo e para que non viñeran aquí, coas ovellas, cando eran nenas, pois o saír decíanlles que aquí había un culebrón, ... e o culebrón era unha cobra moi grande con alas, ...que eso era terrible... calquera se che arribaba aquí, (dicía) silbaba ...”

## A Rodela de Balmonte

No lugar de Eiravedra, na parroquia de San Salvador de Balmonte, a escasos metros do castro de Viladonga atópase un pequeno asentamento probablemente moi vinculado, coma moitos outros da zona, a Viladonga.

“.. tenme dito miña nai, cando o tren era de carbón á hora de irse para a casa era cando o tren saía da estación de Lugo, víano desde aí, os días que non tirara forte o aire, que o fume máis ou menos seguía para arriba, pois como relojes non había, había un reloj de campana na casa e era o que había, pois á hora de ir coas ovellas para a casa, para xantar e tal, era cando fumeaba...” “Desde a Rodela vían a estela de fume...”

## O Castro da Escrita e o Monte da Escrita

O Castro da Escrita en San Pedro de Santa Locaia é un xacemento situado nun pequeno outeiro do Monte da Escrita, na marxe dereita do río Azúmara. Un asentamento castrexo deteriorado por mor das “obras para colocar unha imaxe do Sagrado Corazón, así como polos labores agrícolas e o trazado de camiños”<sup>6</sup>. A dita imaxe foi levantada no ano 1931 por iniciativa de Alejandro Rey-Stolle, inaugurando o Monumento ao

---

5 CUBA RODRÍGUEZ, Xoán R. / MIRANDA RUÍZ, Xosé / REIGOSA CARREIRAS, Antonio. (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos*, Vigo: Xerais, pp. 83-84.

6 *Op.cit.*, 2012.

Sagrado Corazón do que xa falamos noutro artigo dedicado a recuperación da tradición oral<sup>7</sup>.

".. alí donde está o Sagrado Corazón, no Monte da Escrita, alí deberon desfacer o castro, no ano 20, cando se lle meteu coio á carretera que vai de Castro de Rei a Xesto (Outeiro), porque contaba meu pai... pagábanlles por ir con carro e vacas a carretar pedra e levaban de alí, e dixo, había paredes, e encontrábanas e cargábanas no carro... e iso me ten contado meu pai que arriba encontraban paredes..."

### Necrópoles de Santa Locaia



Foto 4. Sartego de Barxa. Foto cedida por Felipe Arias Vilas

No lugar de Hedrosa, en San Pedro de Santa Locaia catalogouse no ano 1998, segundo consta no catálogo arqueolóxico do ano 2012<sup>8</sup>, unha necrópole, probablemente medieval, da que só se conservaría un sarcófago de granito cun relevo dun anxo nun dos seus laterais, este sarcófago parece que foi depositado no edificio da Escola Pública de Barxa, Santa Leocaia.

---

7 Abelleira Vega, Gloria e Rubiero da Pena, Ana María. (2017): "Proxecto de recuperación da tradición oral na contorna de Viladonga (4). Concello de Castro de Rei", en *Croa*, 27, [Lugo]: Xunta de Galicia, p. 64.

8 *Op.cit.*, 2012.

".. e na Escola de Barxa, na caída hacia o noroeste, cara a Begonte,... alí tiñan dadas si sería sartego, que podía ser unha pía ou unha fonte ou algo, ten as caras dun anxo, traballadas na cantería e bueno, meu pai, eu que sei, dicía que o furaio o fixera el, por donde vertía a auga... e parte da mejilla, estrajouna, ..."

### A cova de Santa Locaia

A cova de Santa Locaia da que nos fala Julio Pita pode ser o resultado da erosión pola existencia nesta zona dunha franxa de rochas calcáreas. Este tipo de solos é habitual que formen cavidades naturais no terreo, e como consecuencia da auga filtrada dar lugar a estalactitas cálcicas.

"A Cova de Santa Leocaia na Fonte do Prao do Cura, ... eu non sei pero 25 metros en roca viva, que ten algunhas estalactitas pequeniñas, muy pequenas eh!, ..."

### Os Escouredos en Ardiz (parroquia de San Salvador de Coea)

Nesta zona da parroquia de San Salvador de Coea fálase de achados antigos, entre outros, escouras de ferro, que o noso informante atribúe a antigas minas de ferro.

".. xa na parroquia de Coea, hai alí un sitio que lle chaman Os Escouredos, antigas minas de ferro, de aí ven o das escouras..."

".. e de feito alí na acea mesmo,... eu pensei que eran miliarios pero non, son columnas sen gravado ningún, encontráronse alí, cando empezaron a vir os tractores, eu tiña alí unha finca, os tractores araban máis fondo, había máis forza que tiñan as vacas... e todas aquelas columnas apareceron aí..."

---

## Os Baluros e as 11.000 virxes.

O noso informante fálanos dos baluros, das once mil virxes, da Lagoa de Cospeito e da Lagoa de Caque, lugares e historias referidas e analizadas en moitas ocasións por diferentes autores galegos, entre outros Vicente Risco, Manuel Murguía, Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel Amor Meilán, Lence-Santar, ou máis recentemente por Vitor Vaqueiro, Filomena Dorrego ou Xoan Ramiro Cuba Rodríguez, Xosé Miranda Ruíz e Antonio Reigosa Carreiras.

Os baluros eran “unha tribo, pobo, raza ou seita mal mirada por exercer artes de engano ou de maxia, considerados serodios adoradores do deus Baal. Viviron nos arredores da lagoa de Santa Cristina, en Cospeito e a súa capital foi Verial. Andaron polo resto do país e fundaron numerosas Baloiras. Practicaron a maxia e a bruxería, exerceron de médicos e facían milagres e revelacións...”<sup>9</sup>.

Julio Pita refírese á relación entre os baluros e a lagoa de Cospeito á que di tamén chaman de Lucerna, nada estraño se buscamos esta acepción no *Diccionario dos seres míticos galegos* publicado por Cuba, Reigosa e Miranda, onde a definen como “cidade de mouros cercada e conquistada por Carlomagno. Onde estaba a cidade hai agora un lago moi alto e moi negro no que viven peixes moi grandes e moi negros. Hai moitas Lucernas e non hai ningunha, dise que está en tódalas partes e en ningunha aparece. Uns cren que está no Lago Carucedo, no Bierzo. Outros, en Cospeito ou en Valdoviño. Outros cren que Lucerna é Valverde. Non falta quen a sitúe no Lago de Sanabria”<sup>10</sup>.

Na lagoa de Caque “chamada de Bardancos, en Loentia, en Castro de Rei, residían as once mil virxes e as once mil cantantes que co medio corpo na auga e medio fóra cantan de noite e calan de día. Os baluros pedían esmolos para elas”<sup>11</sup>.

A historia das once mil virxes, probablemente teña a súa raíz na lenda de Santa Úrsula, filla dun rei bretón, a que, alá polo século IV, prometeron en matrimonio

cun rei pagán e ao non estar ela conforme con tal matrimonio pediu que a deixaran peregrinar a Roma, viaxando con dez das súas doncelas, en espera de que o seu prometido se convertera ao cristianismo. Á súa volta, caeron en mans dos Hunos que as mataron a todas por negarse elas a perder con eles a virxindade. As once virxes asasinadas foron: Úrsula, Marta, Saula, Brítula, Gregoria, Saturnina, Sencía, Pinnosa, Rabacia, Satura y Paladia. Parece que a historia acontece en Colonia (Alemaña) á beira do río Rin.

A lenda de Santa Úrsula e as súas compañeiras, xunto coa súa devoción, chegou a España da man de Beatriz de Suabia, esposa de Fernando III o Santo, sendo difundida como romance durante a Idade Media.

O feito de que a tradición fale de 11.000 virxes parece resultado dun erro histórico. Nun documento do ano 922 relátase a historia de Santa Úrsula e as súas acompañantes e no documento di *Dei et Sanctas Mariae ac ipsarum XI m virginum*, a última parte deste texto debía lerse como *undecim martyres virginum* (once mártires virxes) no canto de ler *undecim millia virginum* (once mil virxes)<sup>12</sup>, e así a transmisión oral fixo que este erro numérico se popularizara, aparecendo en múltiples ocasións os termos 11.000 virxes como no caso das palabras retornadas de San Xoán<sup>13</sup>.

Toda unha serie de elos que conforman unha cadea lendaria que unha vez máis nos pon en contacto con diferentes lugares, non só de Galicia senón doutras partes da xeografía e da historia da civilización da que formamos parte.

---

12 Úrsula (Santa). (s.f.). En Wikipedia. Recuperado o 9 de xaneiro do 2018 de [https://es.wikipedia.org/wiki/Úrsula\\_\(santa\)](https://es.wikipedia.org/wiki/Úrsula_(santa)).

13 VAQUEIRO, Vitor. (1998): *Guía da Galiza máxica*, Vigo: Galaxia, p. 297-298. “Á unha, unha / máis claro o sol que a lúa. / Ás dúas, dúas táboas de Moisés / de donde san Xoán vai e vén; / Á unha máis claro o sol que a lúa... Ás seis, seis candeeiros; / Ás cinco, cinco chagas; / Ás catro, catro Evanxelistas / Ás tres, tres portas de París / de onde entra san Pedro vaiades dicir misa; / as dúas, dúas táboas de Moisés / de onde san Xoán vai e vén; / á unha, unha, / máis claro o sol que a lúa. / Ás trece, trece raiñas do sol; / Ás doce, os doce apóstolos: / Ás once, as once mil virxes;...”

9 Cuba / Miranda / Reigosa. (1999): *op.cit.*, p. 50.

10 Cuba / Miranda / Reigosa, *op.cit.*, 1999, p. 150.

11 Cuba / Miranda / Reigosa, *op.cit.*, 1999, p. 73.

“E despois hai unha historia, dun señor, ... contaba o dos baluros e da maldición balura, contaba que houbera un señor de alí de Xustás ou Rubiños ou Bexán que estivera de cura e que fixera unhas estampas..., e falaba das 11.000 vírgenes que rezaban con metade do corpo fóra da auga e a outra metade dentro...”

“(os baluros)... en principio eu penso que partirían da Lagoa de Cospeito, tamén lle chaman Lucerna e mil nomes máis, outros dicen da de Caque...”

### **O Tesouro da Casa Rectoral de Azúmara.**

Dentro da tradición oral é habitual atopar lendas ou historias de tesouros descubertos despois de furgar algún animal nun determinado sitio. En Viladonga “unha vaca dun veciño meteu os cornos por un furado dun valado e sacou unha argola de ouro coma un colar, a vaca botou a correr..., collérona e fixéronse coa argola...”<sup>14</sup>.

Na Casa Rectoral de Azúmara tamén aparece o “animal” da Gallarda que atopa unhas moedas de ouro facendo un furado no chan. Neste caso, ademais, debemos resaltar o papel da muller moi vinculado sempre aos relatos de encantos e tesouros e que por riba chámase A Gallarda, personaxe feminino que na literatura oral está sempre asociado a lugares fortificados, tesouros, maxia, mitos e lendas, non só de Galicia senón do resto de Europa.

“Vivía alí unha señora, a señora era coñecida polo nome da Gallarda de Azúmara, e mira que apareceu aquí... o animal fixo o furado para parir e empezaron a aparecer moedas e a señora dando moedas, e dicía ‘eu non sei que é, isto non vale nada, sabe Dios’”

Enquisa 2: Casa de Palmeiro. Ansemar. Castro de Rei. 1 de outubro de 2015. Coa colaboración de Gloria Abelleira.

**VALENTÍN ABELLEIRA CARRERA (Ansemar. Castro de Rei) 15 – abril – 1929.**

**ESTHER VEGA MUINELO (Quintela. Castro de Rei). 14 – marzo – 1938.**



Foto 5. Esther Vega, Valentín Abelleira e Gloria Abelleira Vega. Casa de Palmeiro. Ansemar. Castro de Rei.

14 LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Senén, *op. cit.*, pp. 629.

---

## O Castro de Viladonga.

A casa de Palmeiro, onde naceu Valentín, traballou, dende tempo atrás, as terras onde está emprazado o castro de Viladonga, con el e a súa muller recordamos como era este xacemento antes de converterse en Ben de Interese Cultural no ano 2009.

(Valentín):

“Alí no museo botábamnos centeo e labrábamos”

“Labrábamos onde está o museo... por onde non labrábamos era dentro do castro porque había as casas... onde o sembraban era onde está o museo e toda aquela zona por alí... aínda recordo eu botar centeo dentro das engrobas (fosos)... recordo que facían uns regos e botaban centeo ahí... e nos antecastros e na finca onde está a cueva...”

Do castro de Viladonga cóntanse, como xa vimos noutras ocasións, lendas de mouros, de animais encantados, de tesouros soterrados e, como non, de covas, túneles e trabes de ouro. Elementos que se repiten de maneira habitual ao longo da tradición oral galega.

Neste senso, un topónimo interesante é o de As Trabes vinculado á idea desas construcións soterradas que co tempo, novas escavacións e estudos esperamos revele algunha información.

(Valentín): “(o lugar das Trabes) é polo lado de baixo do museo...”

Outros topónimos sitúannos fontes e regatos, indispensables para o desenvolvemento de calquera ocupación humana; xunto co río Azúmara, serían, no momento de ocupación do castro, parte fundamental na vida dos seus habitantes.

(Esther):

“As Lagüelas é do castro a Ansemar... ahí era donde había as fontes... hai un regato, ... unha fonte...”

“E había unha corredeira que tiña unhas paredes, unha de cada lado, a corredeira fonda que vai para Couto de A dende o pé do castro... ía para a fonte de Couto de A e para os muíños de Entrambos Ríos...”

“...iamos dende o castro ata a fonte (de Couto de A)...”  
[Preguntámoslle a Esther: E non era mellor ir á fonte de Viladonga que está máis cerca?]. Si, pero non é permanente coma a outra, é por épocas, no vrao non ten auga sen embargo a outra si, a outra ten todo o ano”

“Hai xente que dice que por ahí (pola corredeira fonda) pasa o camiño real... e pasaba a carón da Rodela...”



Foto 6. Torques de Viladonga atopado no ano 1911. Actualmente exposto no Museo Provincial de Lugo.

En 1911 aparece no castro de Viladonga o primeiro torques de ouro que máis tarde se complementaría con outro de idéntico formato e algunha peza de remate do que foi un terceiro. O torques de ouro apareceu a José Abelleira Palmeiro e Pilar Palmeiro cando araban as terras, hoxe en día forma parte da colección de ourivería de D. Álvaro Gil Varela depositada no Museo Provincial de Lugo.

(Valentín): “Eu sempre oín que meu padre, en paz descanse, e miña abuela que encontraran o torques arando co arao romano e coas vacas e entonces que encontraran o torques, o torques eles non sabían que era...”



Foto 7. Retrato de José Abelleira Palmeiro. Cedido por Gloria Abelleira Vega



Foto 8. Retrato de Pilar Palmeiro (sentada, primeira pola dereita) co seu marido e descendentes. Cedido por Gloria Abelleira Vega

### Os traballos dos nenos e da mocidade.

Na memoria dos nosos informantes aínda están tamén recordos dos seus traballos, da vida dura que lles tocou vivir para poder saír adiante, de como non era doado estudar porque o primeiro era axudar na casa. Esta situación, habitual para tódolos nenos do medio rural, agravouse no caso de Valentín coa morte do seu pai que deixou unha viúva con catro fillos, o que fixo que o traballo dos membros da familia aumentase.



Foto 9. Casa da escola. Barrio do Curro. Ansemar. Castro de Rei. Foto cedida por Gloria Abelleira Vega.

(Valentín): “Pedíronlle a meu abuelo que fixese un local para a escola...”; (Esther): “e trouxo a pedra do castro, e veu un maestro oficialmente, quen lle pagaba era o ayuntamiento e tamén o alquiler...”

(Esther): “El mira que cerca tiña a escuela [enfrente da casa onde vivía] e non iban a ela porque... había que traballar... e xa cando eran mozos, mentres a mai facía a cena e daba ás vaquiñas os pequenos iban a escola a casa de Reinaldo... de noite... Reinaldo de San Martiño de Goberno...”; (Valentín): “... aí pagábamos...”

(Esther): “Eu con 12 anos poñía os feixes na cabeza, iba apañar, daquela había que apañar entre o trigo, polos regos, no calexo... a min non me importaba nada porque éramos todos igual, non había ricos, si




había algún así no pueblo... íbamos apañar e despois eu carretaba os feixiños na cabeza, como a miña irmá, e non pasaba nada; e cando tiña sete ou oito anos íbame coas ovellas para o monte e dábanme unha roca e o fuso e a lá na roca e a pequena a fiar... e cando enchía así o fuso cunha pouquiña de lá... agora xa chega, a lá que había na roca metíaa debaixo dunha toxeira...”

### A pesca no río Miño, en Quintela (Castro de Rei, Lugo)


Outra das fontes de ingresos para as familias era o río, a pesca de troitas e anguías era habitual; xeralmente pescaban os homes, as mulleres e os rapaces eran os encargados da venda, o pescado vendíase polas aldeas das parroquias limítrofes, polas vilas máis grandes e ás cidades.

Para pescar, entre outras artes, usaban o redo, redote, trasmallo ou boitirón<sup>15</sup>. Era unha rede de forma cónica feita de fío de liño, algodón ou cáñamo, formada por dúas pezas, unha exterior e outra interior. O redo podíase colocar nos caneiros, nas bocas das presas dos muíños ou estendidos, ríxidos e ben suxeitos no leito do río. Armábanos ao anoitecer, coa boca do redo contra corrente, e deixábanos quedar toda a noite.



Redo, redote ou boitirón. Debuxo cedido por Marta Cancio Martínez.

<sup>15</sup> Esta acepción é a utilizada por Francisco Calo Lourido no seu estudio sobre “Artes de pesca marítimas e fluviais”, publicado en *Galicia antropoloxía*. Tomo XXV. Ed. Hércules. A Coruña, DL 1997. Px. 213.



Redo, redote ou boitirón colocado nunha pesqueira dun muíño. Debuxo cedido por Marta Cancio Martínez.

(Esther): “Nos caneiros hai unhas bocas e nesas bocas é onde se mete o redo e (meu pai) tiña dereito, el levaba unhas fincas dos señores e, entonces, entraba o caneiro tamén... cando viña o mes de novembro, como chove moito, daba en vir as anguilas e vir as troitas... chamábanlle a “avenida”, non salía de alí en toda a noite e tiña dous trasmallos, chámanlle redos, os facían cunha agulla grande e un fío de cáñamo... e armados nunhas estacas, armaba o redo e... traía un saco e meus irmáns axudándolle a baleirar o saco, sacar aquel e poñer outro... daquela había mucha vida no río que agora non hai nada e... botábanas nunha hucha e bulían e a abuela ao outro día pesábaas, cunha roldana pequeniña, kilo por kilo e cosías e metíalles a agulla pola gorxa... e despois ao outro día co saco para o coche, pasaba a línea por diante a porta... coas anguilas para Lugo, e os muiñeiros nos muíños cazaban moitas máis que nós... e íbamos polos rebaños das ovellas ao monte, apartábamos os años das ovellas... porque despois había que muxir a ovella, un termaba da ovella e outro muxía e despois con dous ou tres litros das ovellas e outros dous ou tres das vacas miña nai facía un queixazo, e mira, ánguilas e troitas, eso case tódolos días, porque esas “avenidas” viñan así de vez en cando, pero despois diariamente víñache ao mellor unha fontada e se cadra decíalle a mamá, para que vas armar o redo home?, déixate estar!... cala nena!, que ben che han vir!... quizás tiñas máis que cochos, porque cochos cebabas dous e non chegaban a moito”

Enquisa 3: San Martiño de Goberno (Castro de Rei).  
Castro de Ameixide. 19 de xullo de 2016.

**REINALDO e ALEJANDRO CARBALLO CARBALLEIRA  
(irmáns). San Martiño de Goberno (Castro de Rei).  
Reinaldo naceu en 1950 e Alejandro en 1949.**



Foto 10. Reinaldo e Alejandro Carballo Carballreira. San Martiño de  
Goberno. Castro de Rei.

Con Reinaldo e Alejandro, visitamos o castro de  
Ameixide ou croa de Goberno, en San Martiño de  
Goberno. O castro de Ameixide é outro xacemento  
emprazado preto do río Azúmara, sobre un outeiro no  
que se delimita perfectamente a súa croa.

“Dicían que había unha grade...”

“Hai unha construción... como a do castro... en  
mellores condicións ca do castro... era así redonda...  
era parecida a un forno e estaba moi ben pareadiña,  
moi ben pero ladrillo non eh! E a muralla tamén estaba  
bastante ben, estaba bastante alta...”

“O meu abuelo caváralo pero era todo pedra... sempre  
estuvo a toxos, cortábanse os toxos... pero de  
agricultura eu nunca recordo”. “Os toxos usabámoslos,  
os pequenos, para estrar e a madeira para cocer...”

“.. hai unha fonte en Ameixide e ben vai de aquí, hai  
unha fonte en Fontixón, moi boa e dícese que vai  
de aquí, hai unha fonte en Zacariade, que ten auga  
sempre, e dicen que vai deste lao... aquí auga ten que  
haber moita...”

“E aí había outra cueva que decían antes que se  
comunicaba co castro de Viladonga... había unha  
cueva como a de Viladonga, así parecida que baixaba...  
era bastante larga porque entraban os perros e óalos  
andar por dentro... por eso dicimos que era grande...  
metíanse na cueva... había unhas pedreiras... do redor  
da cueva... a entrada era moi ampla e despois ibase  
facendo pequena... tamén hai bastantes canales  
porque nalgún prao aínda se funde para abaixo pero  
como hai a mina, non sei se é da mina ou é algo de  
relación con esto... tamén dicían que ían por auga ao  
río pero por baixo da terra... chamábase a mina vella,  
había unha alá en baixo, de onde quitaron o arsénico  
e despois había outra que era aquí, aquí por baixo, que  
era a mina vella...”

“Tamén había un burato moi grande, o furado das  
vacas que cando as vacas morrían tirábanse nel... os  
forestales tapárona”

---

## IN MEMORIAM

Enquisa 4: Santiago de Xustás. Cospeito. 30 de xullo de 2015. Gloria Abelleira Vega e Ana María Rubiero da Pena, coa colaboración de Manuel González Castro.

**MANUEL (Santiago de Xustás. Cospeito. 95 anos).  
IRENE (Vilela. Outeiro de Rei. 85 anos).**

No ano 2017 faleceron Manuel e Irene, dous dos nosos informantes. A tardanza en escribir as súas achegas impediu que eles puideran ver os seus recordos reflectidos nesta revista. En memoria da súa colaboración, introducimos neste artigo un relato de Manuel e Irene, el nado en Santiago de Xustás, Cospeito e ela en Vilela, Outeiro de Rei.

O noso recordo e afecto.



Foto 11. Irene e Manuel. Santiago de Xustás. Cospeito.

## Os baños.

Manuel e Irene recordaron con nós moitas andanzas da vida, unha delas especialmente interesante. Eles faláronnos dos baños, actividade que se adoitaba realizar en determinadas épocas do ano. Os baños consistían en ir durante tempadas curtas á costa ou a mananciais de augas medicinais, na procura de resolver algún que outro problema de saúde. O lugar de destino da xente da Terra Cha era a Mariña Lucense, a poucos quilómetros da comarca chairega, e a Charca do Alligal, en Santa Baia, Vilalba.

(Manuel): “Eran nove días...”;(Irene): “Iban case tódalas mulleres... en Vilela non pero por aquí iban case todas”.

“Iban a Foz e a Santa Baia... iban pola reuma...”

Manuel ten na casa un recordo das viaxes á Mariña Lucense, a súa nai trouxera unha corna que durante moitos anos foi usada na casa para comunicarse entre os veciños. A corna, corno, bucina, apupo, buguina ou boguina (*Charonia lampas*) é definida pola Real Academia Galega como un “gasterópodo da orde dos monotocardios, de cuncha grande de ata 25 centímetros e forma oblonga, con alternancia de manchas brancas e castañas”. E, na súa segunda acepción, como a “cuncha deste molusco desprovista da súa carne e furada pola punta, que serve para facela soar soprando por ela”<sup>16</sup>.

---

<sup>16</sup> Real Academia Galega. Dicionario. Recuperado o 8 de febreiro de 2018. <https://academia.gal>.



Foto 12. Corna ou buguina (*Charonia lampas*).

“Trouxo a miña nai, iba aos baños e haberá 70 anos que morreu ela e era eu pequeno...”

“Con ela tocábamos a bocina... para avisar cando se levaban as vacas ao boi... esta cando estaba ben sentíase en Quintela”

## BIBLIOGRAFÍA

ABELLEIRA VEGA, Gloria e RUBIERO DA PENA, Ana María. (2017): “Proxecto de recuperación da tradición oral na contorna de Viladonga (4). Concello de Castro de Rei”, en *Croa*, núm. 27, [Lugo]: Xunta de Galicia.

CUBA RODRÍGUEZ, Xoán R. / MIRANDA RUÍZ, Xosé / REIGOSA CARREIRAS, Antonio. (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos*, Vigo: Xerais.

DORREGO MARTÍNEZ, Filomena. (2005): “Sobre os baluros: mito e realidade”, en *Croa*, núm. 15, [Lugo]: Xunta de Galicia.

GÓNZALEZ REBOREDO, Manuel e SOEIRO, Teresa (coords. Vol.). (2006): *Arte e cultura de Galicia e Norte de Portugal. Etnografía*, Tomo II, Vigo: Nova Galicia Edicións, S.L. Carlos del Pulgar Savín.

LLINARES, María del Mar. (1990): *Mouros, ánimas, demonios. El imaginario popular gallego*, Madrid: Akal Universitaria. Serie Interdisciplinar.

LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Senén. (1979): “O folkore do castro de Viladonga i da súa bisbarra”, en *XV Congreso Nacional de Arqueología. (Lugo, 1977)*, Zaragoza, pp. 623-630.

Plan Xeral de Ordenación Municipal de Castro de Rei. Catálogo Arqueolóxico, 2012.

SANTACANA MESTRE, Joan / LLONCH MOLINA, Nayra (eds.). (2015): *El patrimonio cultural inmaterial y su didáctica*, Gijón (Asturias): Trea.

VAQUEIRO, Vitor. (2003): *Guía da Galicia máxica, mítica e lendaria*. Vigo: Editorial Galaxia.